

Examinouse o informe proposta elaborado polo Negociado con data 19 de decembro de 2018 e que literalmente di :

“

### **Informe proposta para a adxudicación das subvencións fomento e promoción en xeral, da Educación Física e do Deporte, en réxime de concorrencia competitiva**

Con data 27/09/2018 o Concello Pleno aprobou as bases reguladoras do programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte.(ano 2018), así como o gasto, a convocatoria pública e a remisión dun extracto de dita convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) para a súa publicación no BOP da Coruña a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións (SNPS).

Con data 08/10/2018 remitiuse á BDNS o extracto da convocatoria e as Bases reguladoras.

Con data 15/10/2018 publícase no BOP nº 196 o extracto da convocatoria.

Durante o prazo establecido nas bases para a presentación de solicitudes recibíronse 38 solicitudes dentro do prazo de presentación e unha solicitude fóra do prazo, relativa ao Club Deportivo Esquí (RE núm. 60720 de 08/11/2018).

Revisada a documentación presentada en prazo (38 solicitudes) requiriuse a subsanación da documentación incompleta concedendo a tal efecto un prazo de 10 días hábiles, ao abeiro do punto 7.2 das bases do programa:

*“Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma de convocatoria, a Concellería de Deportes requirirá ao interesado para que subsane no prazo máximo e improrrogable de 10 días hábiles coa indicación de que se así non o fixera, se lle terá por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previsto no artigo 21 da Lei 30/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas”.*

Durante o prazo de subsanación a entidade Club de Remo San Felipe presenta a renuncia a participar do procedemento (RE núm. 64052 de 22/11/2018), polo que exclúese da súa valoración.

Con data 18/12/2018 reúnese a Comisión de Valoración elixida ao efecto, quen acorda aprobar o cadro resumo da valoración das 37 entidades deportivas valoradas e a exclusión da baremación das dúas entidades enriba mencionadas (Club de Remo San Felipe e Club Deportivo Esquí).

Posteriormente con data 19/12/2018 a Comisión Informativa de Cultura, Ensino, Deportes e Turismo ditamina favorablemente a proposta realizada pola Comisión de Valoración.

Por todo o anterior, **proponse**

PRIMEIRO.- Adxudicar as seguintes subvencións resultantes do procedemento en réxime de concorrencia do “Programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte. Ano 2018”.

- Adxudicatarios:

Nome	NIF/CIF	Importe subvención concedida	Coefficiente de financiamento do Concello %	Anticipo 50%
ASOCIACION DEPORTIVA AMIGOS DEL BASKET FERROL	G70511027	1.949,58 €	40	974,79 €
CLUB CICLISTA FERROL	G15115652	2.040 €	31	1.020,00 €
C.D. VAGALUME	G15119688	1.850 €	39	925,00 €
CLUB BALONCESTO COSTA ARTABRA	G15628894	5.567,55 €	14	2.783,77 €
CIRCULO FERROLANO DE AJEDREZ	G15153976	4.560,57 €	29	2.280,28 €
BASKET SCHOOL	G70307103	3.659,37 €	20	1.829,68 €
CLUB PATINAXE ARTISTICO RAIOLA	G15535925	2.483,36 €	31	1.241,68 €
ASOCIACION ROIBA	G15054067	2.194,63 €	40	1.097,31 €
ARCO FERROL, CLUB	G15929516	1.500 €	31	750,00 €
ESCOLA FERROLA DE XADREZ	G15721962	2.956,5 €	40	1.478,25 €
IRMANDIÑOS CLUB BALONCESTO	G70264007	1.600 €	38	800,00 €

CLUB NATACION FERROL	G15245038	6.832,83 e	6	3.416,41 €
CLUB O PARRULO FERROL, FS	G15302136	4.819,78 e	34	2.409,89 €
CLUB TIRSO DE MOLINA	G15310287	2.868,21 e	34	1.434,10 €
CASINO FERROLANO TENIS CLUB	G15049901	3.407,65 e	26	1.703,82 €
SOCIEDAD RECREATIVA Y DEPORTIVA ESTEIRO, S.D.	G15325996	1.009 e	40	504,50 €
NATIVOS SURF CLUB FERROL DAVID CASAL DOPICO	G70470497	2.264,44 e	40	1.132,22 €
CLUB GALICIA DE CARANZA S.C.D.R.	G15158215	6.496,16 e	9	3.248,08 €
CLUB RENBU KAN	G15773112	2.000 e	3	1.000,00 €
CM HOCKEY FERROL	G70306022	3.000 e	25	1.500,00 €
A.C.R.D. GRUPO BAZAN	G15277957	5.722,09 e	25	2.861,04 €
CLUB BUNKAI	G15576614	4.577,41 e	10	2.288,70 €
CLUB RUGBY FERROL	G70176227	3.691,72 e	22	1.845,86 €
CLUB UNIVERSITARIO DE FERROL	G15659261	3.763,6 e	40	1.881,80 €
ESCUELA DE FUTBOL R. FERROL	G70075395	4.578,99 e	12	2.289,49 €
CPA INERCIA	G70488762	2.523,27 e	32	1.261,63 €
CLUB ESGRIMA TRES ARMAS	G15695505	3.357,62 e	18	1.678,81 €
CLUB DE ATLETISMO RIA FERROL	G15203219	5.337,8 e	24	2.668,90 €
SOCIEDAD CULTURAL DEPORTIVA RECREATIVA ANIMAS	G15305998	2.925 e	15	1.462,50 €
CLUB SINCRONIZADO FERROL	G15924475	2.983,08 e	40	1.491,54 €
S D R C PORTUARIOS	G15116650	3.292,48 e	25	1.646,24 €
CLUB RACING SAN PEDRO	G15323272	2.459,87 e	40	1.229,93 €
ASOC. DE PADRES Y AMIGOS DE NADADORES CLUB MARINA	G15250244	7.361,79 e	6	3.680,89 €
CLUB DEPORTIVO ESMELLE	G15322738	2.000 e	40	1.000,00 €
JUDO BITACORA	G15460884	2.400 e	40	1.200,00 €
ASOCIACIÓN BENÉFICA RAIOLADA	G15099575	2.000 e	26	1.000,00 €
CLUB PIRAGUISMO COPACABANA	G15321854	2.965,65 e	30	1.482,82 €

**TOTAL ..... 125.000 €**

- Obxecto da subvención: **fomento e promoción en xeral, da Educación Física e do Deporte**
- Importe: **125.000**
- Partida: **05004 3411 48000 (orçamento 2019)**
- Outras características:
  - O prazo máximo de xustificación finaliza o 15 de marzo de 2019 (punto 12.3 das bases).
  - Para determinar o cumprimento da finalidade básica da subvención será imprescindible que se den, de forma conxunta, os seguintes requisitos:

- En relación ao proxecto deportivo

- Desenvolvemento das actividades deportivas obxecto da subvención durante alomenos o 75% do período temporal obxecto da mesma (1 de xaneiro de 2018 a 31 de decembro de 2018)

- En relación ao gasto:

	IMPORTE A XUSTIFICAR		DESVIACIÓNS DO COEFICIENTE DE FINANCIACION ( C.F)
ABOARASE O 100% DO IMPORTE ADXUDICADO	Xustificación correcta do 100% do importe adxudicado	<b>e</b>	Desviacións ata un 10% do C.F. entre o estado de gastos presentado na xustificación e a previsión de gastos presentada na solicitude
ABOARASE A PARTE PROPORCIONAL DO IMPORTE ADXUDICADO	Xustificación correcta dun gasto inferior ao 100% e polo menos o 50% do gasto adxudicado	<b>ou</b>	Desviacións maiores do 10% e ata o 50% do C.F. entre o estado de gastos presentado na xustificación e a previsión de gastos presentada na solicitude
NON SE ABOARÁ CANTIDADE ALGUNHA	Xustificación dun gasto menor o 50% do gasto adxudicado	<b>ou</b>	Desviacións superiores o 50% do C.F. entre o estado de gastos presentado na xustificación e a previsión de gastos presentada na solicitude

**Segundo.-** Aboar a cada unha das entidades relacionadas no punto anterior, un anticipo de pago do 50% do importe total adxudicado (base 6).

**Terceiro.-** Denegar a concesión da subvención do “programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte. Ano 2018” ao Club Deportivo Esquí G15238678 por presentar a súa solicitude fóra de prazo.

**Cuarto.-** Aceptar a renuncia presentada polo Club de Remo San Felipe G15161359 para a súa participación no “programa de subvencións a clubs e entidades deportivas municipais para o fomento e promoción do deporte. Ano 2018”

“

E tendo en conta a documentación que o acompaña, así como o informe favorable de Intervención.

**Decreto.-** Examinei a anterior proposta e apróboa nos seus propios termos.

Ferrol,

Concelleiro Delegado Titular da Área Cultura e Educación, Universidade, Deportes, Turismo e Festas

Dou fe,  
O secretario xeral